



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpicadebergantinos.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P1504400A

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CULTURA 2026. AXUDAS ÁS ENTIDADES 2026

EXPEDIENTE: 2026/A002/000004

FEITOS:

1. Logo de ver a proposta da Concelleira de Educación, Cultura, Patrimonio, Deportes e Turismo de data 27/8/2026 para a convocatoria de **Axudas ás entidades sen ánimo de lucro para o fomento da cultura no ano 2026**.
2. Logo de ver o informe de fiscalización da Intervención Municipal emitido en data 30/8/2026 relativo á convocatoria de **Axudas ás entidades sen ánimo de lucro para o fomento da cultura no ano 2026**.
3. Visto o disposto no Anexo I das Bases de execución do orzamento, no que se regulan as subvencións e transferencias concedidas polo Concello de Malpica de Bergantiños.
4. A Alcaldía é competente para resolver, segundo dispón o artigo 21.1 f da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

NORMATIVA APLICABLE:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 2 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación.
- Bases de execución do orzamento do ano 2026 do Concello de Malpica de Bergantiños.

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar as **Bases para a convocatoria de axudas ás entidades sen ánimo de lucro para o fomento da cultura no ano 2026**, segundo a proposta da Concellería de Educación, Cultura, Patrimonio, Deportes e Turismo de data 27 de agosto de 2026, recollida nos anexos I, II e III, o gasto alcanzará un importe máximo de 20.000,00 €, con cargo á partida orzamentaria 334.48000, e ordenar a publicidade do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEGUNDO.- Publicar as Bases e o extracto da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello de Malpica de Bergantiños e no BOP.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento segundo o artigo 42.b) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpicadebergantinos.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P1504400A

TERCEIRO.- Nomear instrutor do expediente ao Animador Sociocultural do Concello de Malpica de Bergantiños.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ao Pleno na seguinte sesión que se celebre.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, Paula Esperanza Ramos Díaz, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).